



Achega

## Letras galegas. Carta de Begoña Caamaño a Uxía

---

Begoña Caamaño

28 de outubro de 2014, Boisaca

Querida Uxi:

... Eu levo xa tanto vivido, tanto aprendido, tanto amado e tanto amor recibido que non podo dicir que a miña morte sexa inxusta. Indesexada si, como todas... que me encantaría vivir outros 47 anos, tamén. Sempre temos apego á vida, sobre todo porque sabemos que, pese aos seus mil amargores, a vida compensa.

Ter tido unha vida tan boa, tan rica, tan chea en coñecementos, curiosidades e, sobre todo afectos, é un regalo. Ter medo á morte cando a vida foi tan rica e intensa é normal, pero morrer tras unha vida así é, en realidade, unha sorte.

Pero, Uxi, non vou mentir dicindo que por veces non teña medo e rabia, pero é máis pola incerteza que pola morte en si mesma.

Putada, o que se di unha putada grande e real sería ter vivido unha vida de merda, estar dende os seis anos furgando no lixo dos vertedoiros de Antanaribo, ou dende os oito turrando dunha vagoneta de carbón en Bolivia, ou dende os once pechada nun prostíbulo de Bankog! Ter unha vida tan miserable que che fai desexar a morte como un alivio.

Iso é a gran putada... e hai millóns de persoas que sofren a vida, porque realmente a sofren, cada día. Ter tido unha vida tan boa, tan rica, tan chea en coñecementos, curiosidades e, sobre todo, afectos, é un regalo. Ter medo á morte cando a vida foi tan rica e